


PRESENTACIÓN DO LIBRO

Presentación o mércores 10 de novembro de 2010, ás 20.00 h,
na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra”
(Pazo de “Vila Melania”, Vilaboa, Culleredo).

Interveñen:

Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura
Miguel Anxo Fernán Vello, poeta e editor.
Xavier Seoane, autor.



DO VENTRE DA CÓBREGA
DE XAVIER SEOANE

Presentación

A Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” acolle a presentación do libro *Do ventre da cóbrega*, de Xavier Seoane, publicado pola editorial “Espirai Maior”.

Xavier Seoane, un dos poetas máis importantes da literatura galega actual, foi profesor, durante varios anos, na Universidade Laboral. Membro do grupo “De amor e desamor”, puidemos contar con el no acto que, o pasado ano, organizamos nesta Biblioteca.

É un pracer poder compartir con el este acto, para escoitar tamén, da súa propia voz, algúns dos seus poemas.

Quedan convidados.

Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura

Datos biográficos

Xavier Seoane naceu na Coruña o 11 de xaneiro de 1954. Estudou Filoloxía Románica en Compostela. Na actualidade é profesor de Lingua e Literatura na Coruña. Desde 1975 ven desenvolvendo a súa actividade nos terreos da creación literaria, da arte e na animación cultural, tanto en prensa e revistas, como conferenciante. Nas décadas dos setenta e oitenta participou nas actividades dos grupos "A Carón" e "Galga". Ten colaborado, entre outras, en publicacións como *Teima*, *Man Común*, *Grial*, *Nordés*, *Agália*, *A Nosa Terra*, *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *Luzes de Galiza*, *Gran Enciclopedia Gallega*, *El Correo Gallego*, *Microfisuras*...

Colaborou nas antoloxías poéticas *De Amor e Desamor I* (1984) e *De Amor e Desamor II* (1985). O gravador Manuel Facal realizou o libro de artista *Irispaxaros*, sobre aforismos do autor.

É un dos fundadores e animadores da revista "Luzes de Galiza". Ten traballado en proxectos de vídeo sobre Luís Seoane ou sobre a arquitectura galega actual. Participou na organización de exposicións relacionadas co mundo das artes ("Leopoldo Nóvoa", "Mundos", "Figuracións", "Isaac Díaz Pardo", "O cómic galego", "Luís Seoane e o libro galego na Arxentina", "Urbe, Natura, Cosmos") e colaborou con textos sobre arte en catálogos de exposicións e libros colectivos.

Ten realizado exposicións de poesía visual e experimental na Coruña, Compostela e no Estado español, e participado en mostras de mail art.

Ten obtido o Premio Cidade da Coruña, Premio Esquíu de poesía, Premio de Poesía Caixanova e Premio da Crítica Española.

Foi seleccionado en diversas antoloxías: *Escolma da poesía galega, 1976-1984* (1984), *Desde a palabra, doce voces* (1986), *Antoloxía da poesía galega erótica e amatoria* (1988), *Poesía Gallega de Hoy* (1990), *Fin de un milenio* (1991), *50 anos de poesía galega* (1994), *Poesía gallega actual* (1996), *Antología de poesía galega* (1996), *25 anos de poesía galega, 1975-2000* (2002); *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000* (2003); *Poetas galegos do século XX. Antoloxía* (2004).

Libros publicados:

Poesía: *A caluga do paxaro* (1979), *Os bosques encendidos* (1981), *Presencias* (1985), *Iniciación e regreso* (1985), *O Canto da Terra* (1987), *Regreso e Advenimento* (1990), *Eu tamén oín as voces do orvallo* (1994), *Umbral de Vida* (1996), *Don do horizonte. Obra poética 1976-1998* (1999), *Dársenas do ocaso* (2002), *Vagar de amor e sombra* (2004), *Para unha luz ausente* (2006), *Do ventre da cóbrega* (2008), *Raíz e soño (Canción de Oleiros)* (2009).

Ensaio: *Identidade e convulsión: Palabra e imaxe na nova arte galega* (1990), *“Reto ou rendición”: análise dos presupostos teóricos e creativos da arte galega contemporánea* (1994), *A voz dun tempo. Luís Seoane, un criador total* (1994), *Atravesar o espello* (2000), *O sol de Homero* (2002), *Saudar a vida. Unha defensa das humanidades na sociedade do coñecemento* (2007). Tamén editou un libro de reflexións e aforismos titulado *Arca cotidiana / Irispaxaros* (1984).

Narrativa: *Ábrelle a porta ao mar* (2000).

Obras en colaboración con outros autores: *Poesía experimental* (1978, con Raúl Reguera); *Anisia e outras sombras* (1981, cartafol de poemas, con Manuel Rivas); *Escolma de textos radiofónicos de Luís Seoane, "Galicia Emigrante"* (1989, con Lino Braxe); *A máxia da palabra, colaboracións radiofónicas de Álvaro Cunqueiro* (1991, con Lino Braxe); *Luís Seoane e o cine* (1994, con Lino Braxe); *Luís Seoane e o teatro* (1996, con Lino Braxe); *Luís Seoane: Textos sobre arte* (1997, con Lino Braxe); *Hai suficiente infinito*, manifesto (1999, con Antón Patiño).